

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra, dictou a seguinte **RESOLUCION**:

**ASISTENTES**

**PRESIDENTE**

D. José Luis Díez Yáñez.  
(Delegado Provincial da Consellería de Medio Ambiente).

**VOCAIS**

D. Luis M<sup>a</sup> Muiños Vidueira.  
(Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta).  
Dna. Isabel Catoira Lamela.  
(Avogado polo Colexio da provincia).  
D. Teodoro Arribas Serrano  
(Xefe do Servizo de Montes e Industrias Forestais).

**VOCAIS REPRESENTANTES DA PARROQUIA DE SAN PEDRO DE CESANTES DO CONCELLO DE REDONDELA.**

D. Abdón Escariz Vázquez.  
D. Fermín Miguez Cabaleiro.

**VOCAIS REPRESENTANTES DA PARROQUIA DE O VISO DO CONCELLO DE REDONDELA.**

D. José García Cabaleiro.  
D. Claudino Cabaleiro Vidal.

**SECRETARIA**

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> José León Gómez.  
(Xefe do Servizo Técnico-Xurídico da Delegación de Medio Ambiente).

Na cidade de Pontevedra, sendo as dezasete horas do día trinta de maio do 2001, coa asistencia das persoas á marxe reseñadas, reúnese na 3ª planta do edificio sito no nº 47 da rúa Benito Corbal o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ó obxecto de decidir sobre a clasificación dos montes das parroquias de San Pedro de Cesantes e de O Viso, ámbalas dúas do concello de Redondela.

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**PRIMEIRO.-** Polo presidente da xunta provisional de montes veciñais en man común da parroquia de San Pedro de Cesantes do concello de Redondela, instouse en data 5 de maio de 1993 a clasificación dos montes "Cabaleiro ou Coba da Serpe", "Da Mina", "Da Rega", "Carballiño" e "Baldío das Laxes", acordándose polo Xurado en reunión de data 12 de xullo de 1993 a incoación de expediente de clasificación co número 4/93.

**SEGUNDO.-** Polo presidente da comunidade de montes veciñais en man común da parroquia de O Viso do concello de Redondela, instouse en data 2 de novembro de 1993 a clasificación dos montes "Puntal", "Cabaleiro", "Dabaixo" e "Da

Gándara", acordándose polo Xurado en reunión de data 7 de xuño de 1994 a incoación de expediente de clasificación co número 7/93.

TERCEIRO.- O Xurado Provincial, en reunión de 18 de novembro de 1996, acordou a acumulación de ámbos dous expedientes de clasificación.

CUARTO.- Cumprida e observada a tramitación legal e regulamentariamente esixida, procedeuse á apertura do trámite de audiencia, formulándose oposición á clasificación solicitada por parte de ámbalas dúas comunidades.

QUINTO.- Polo que afecta ás parcelas das que se propón a súa clasificación, obedecen á seguinte descripción:

- Na parroquia de San Pedro de Cesantes:

NOME DO MONTE: Monte Cabaleiro.

CABIDA: 7,55 Ha. aproximadamente.

LINDES:

NORTE: Monte Cabaleiro da parroquia de O Viso.

SUR: Propiedades particulares de Fermín Miguez Cabaleiro, Juan Pérez Miguez, Flor Pérez Miguez e herdeiros de José Vidal Lorente e outros.

LESTE: Propiedades particulares de Domingo Pérez Miguez, José Cabaleiro Amoedo, Manuel Fernández Lago e outros.

OESTE: Herdeiros de Herminia Rei, Domingo Cabaleiro e outros.

NOME DO MONTE: Monte de A Mina.

Parcela Norte.

CABIDA: 1,62 Has. aproximadamente.

LINDES:

NORTE: Propiedad particular de Crisanto Bouzán Martínez.

SUR: Monte de A Mina.

LESTE: Herdeiros de Lucinda Miguez López, Manuel Estévez Rodríguez, Joaquín Martínez Bouzán e monte de A Mina.

OESTE: Camiño de Santiago portugués.

Parcela Sur.

CABIDA: 0,45 Has. aproximadamente.

LINDES:

NORTE: Camiño e monte de A Mina.

SUR: Propiedad particular de Elisa Vidal Rincón e herdeiros de Soteliño e outros.

LESTE: Camiño e monte de A Mina.

OESTE: Camiño portugués de Santiago.

NOME DO MONTE: Monte Boa Vista  
Parcela Norte.

CABIDA: 1,86 Has. aproximadamente.

LINDES:

NORTE: Parroquia de Ventosela (San Martiño).

SUR: Propiedade particular de Honorato Couñago Rivas e camiño.

LESTE: Parroquia de Ventosela e propiedades particulares de Honorato Couñago Rivas e Manuel Soto, camiño e outros.

OESTE: Propiedades particulares de Porfiria Collazo Castelán, Manuel Pérez, Manuel Soto Soto e outros.

Parcela Sur.

CABIDA: 3,48 Has. aproximadamente.

LINDES:

NORTE: Propiedade particular de Honorato Couñago Rivas e outros.

SUR: Propiedades particulares de Carlos Crespo Fontán, Raúl Rivas Cabaleiro e outros.

LESTE: Propiedades particulares de Antonia Vidal Míguez, José Amoedo Táboas e outros.

OESTE: Propiedades particulares de Claudio Míguez Barreiro, Francisco Montes Barbeito e outros.

- Na parroquia de O Viso:

NOME DO MONTE: Monte Puntal.

CABIDA: 0,61 Ha. aproximadamente.

LINDES:

NORTE: Concello de Soutomaior.

SUR: Propiedades particulares de M. Pérez, Josefa Martínez, FFCC e outros.

LESTE: Camiño.

OESTE: Propiedade particular de Juan Sobral.

NOME DO MONTE: Monte Cabaleiro.

CABIDA: 4,75 Ha. aproximadamente.

LINDES:

NORTE: Propiedades particulares de Emilia Taboada Lac., Manuel Fernández Pouzón e outros.

SUR: Monte Cabaleiro da parroquia de San Pedro de Cesantes.

LESTE: Propiedades particulares de Domingo Pérez Míguez, José Cabaleiro Amoedo, Manuel Fernández Lagoa e outros.

OESTE: Ensanche estrada Pontevedra – Vigo, estrada local a Souto Susto.

NOME DO MONTE: Monte Gándara.

CABIDA: 1,79 Ha. aproximadamente.

**LINDES:**

**NORTE:** Camiño e propiedade particular de Manuel Vidal Soto.

**SUR:** Camiño e propiedade particular de Celso López Guillán.

**LESTE:** Propiedades particulares de Domingo López Martínez, Lucía Vidal Cabaleiro e outros.

**OESTE:** Propiedades particulares de Emilio Martínez Vidal, Armando Lago Martínez e outros.

**SEXTO.-** A tarefa que compete ó Xurado é, conforme reiterada xurisprudencia en interpretación da normativa sobre montes veciñais en man común, analizar como cuestión de feito, a pertencencia dos montes dos cales se propón a súa clasificación ós vecinos agrupados en parroquias, aldeas, lugares, e, doutra parte, o aproveitamento consuetudinario e exclusivo dos mesmos polos integrantes de ditas agrupacións, en réxime de comunidade xermánica, coa correspondente valoración para elo da proba.

**SÉTIMO.-** No presente expediente de clasificación, a dificultade está tanto nos títulos e documentación aportada, como na identificación dos montes “Cabaleiro” e “Da Mina”, por canto os lindeiros da documentación do expediente non só son de difícil interpretación senón que amáis algúns non concordan cós da petición. Para intentar clarificar a situación, elaboráronse informes polo Servicio de Montes e Industrias Forestais, sendo o último de data 19/07/99, un estudio intenso con replantexamento das áreas de monte a clasificar dada a súa dificultade. É clarificadora a descripción dos montes en relación á planimetría do século pasado do enxeñeiro Genaro de Mira. En relación co monte “Da Mina”, xa no informe de data 02/01/99 éste é coincidente co “Monte de Abaixo”, incluíndose en dita planimetría do século pasado a súa pertencencia á parroquia de San Pedro de Cesantes.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**1.-** O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

**2.-** A tenor do recollido no citado artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, o feito que exclúe ou xustifica a clasificación como veciñal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse demostrado efectivamente o aproveitamento

veciñal de dito monte, reservándose á xurisdicción civil ordinaria os temas de dominio e demais dereitos reais sobre o monte.

3.- De conformidade co establecido no artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, así como no artigo 1 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, cómpre entender por montes veciñais en man común "... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa cualidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cuotas, os membros daquelas na súa condición de veciños".

En consecuencia, vista a Lei Galega 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e o seu Regulamento aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios de xenérica e específica aplicación ó caso examinado, próponse pola Instructora e de maneira unánime o Xurado **ACORDA**:

1º.- **Clasificar** os montes Cabaleiro (Parte Sur), Da Mina e Boa Vista a favor dos veciños da parroquia de San Pedro de Cesantes do concello de Redondela, correspondéndose coa planimetría elaborada ó efecto polo Servicio de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da presente Resolución, e de acordo coa descripción, cabida e lindes sinalados no antecedente de feito quinto, así como **clasificar** os montes **Cabaleiro (Parte Norte), Gándara e Puntal** a favor dos veciños da parroquia de O Viso do concello de Resondela, correspondéndose coa planimetría elaborada ó efecto polo Servicio de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da presente Resolución, e de acordo coa cabida, descripción e lindes sinalados no antecedente de feito quinto.

2º.- **Non clasificar** os montes Da Rega, Carballiño e Baldío das Laxes solicitados a favor da parroquia de San Pedro de Cesantes por non reunir os requisitos esixidos polo artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 2 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da citada Lei; e **non clasificar** o **Monte Dabaixo** solicitado a favor da parroquia de O Viso por coincidir co Monte de A Mina clasificado como veciñal en man común a favor dos veciños da parroquia de San Pedro de Cesantes.

Contra a presente Resolución que poñe fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo ante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto nos artigos 109 e 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento Administrativo Común, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.



*[Handwritten signature in blue ink]*  
*[Handwritten signature in blue ink]*  
*[Handwritten signature in blue ink]*



DILIXENCIA.-

Exténdoa eu, M<sup>a</sup> José León Gómez, Secretaría do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, para facer constar que, por medio de conversación telefónica, D. José García Cabaleiro e D. Claudino Cabaleiro Vidal, na súa cualidade de vocais representantes da parroquia de O Viso do concello de Redondela na reunión do Xurado Provincial celebrada o día 30 de maio do 2001 na que se resolveu o expediente para a clasificación co carácter de veciñal en man común dos montes das parroquias de San Pedro de Cesantes e de O Viso, manifestan a súa negativa á sinatura da Resolución adoptada en relación co expediente de referencia.

E para que así conste, asino a presente en Pontevedra a quince de xuño do dous mil un.



CLASIFICACION DOS MONTES NOMEADOS  
 "PUNTAL", "CABALEIRO" E "GANDARA", COMO  
 MONTES VECIÑAIS EN MAN COMUN DOS  
 VECIÑOS DE SANTA MARIA DE O VISO,  
 CONCELLO DE REDONDELA (PONTEVEDRA)



**PLANO Nº 1**  
**SITUACION**  
 ESCALA 1 : 25.000  
 PONTEVEDRA, 30 DE MAIO DO 2.001



*[Handwritten signature in blue ink]*  
58511900  
*[Handwritten signature in blue ink]*  
*[Handwritten signature in blue ink]*

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

*ANUNCIO do 29 de decembro de 2023, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, polo que se publica a resolución do acordo da revisión do esbozo dos montes veciñais Montes do Viso e Monte Puntal, Cabaleiro (parte norte) e Gándara (11 bis) da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común do Viso, no concello de Redondela.*

Para os efectos previstos na disposición transitoria décimo terceira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, dáselle publicidade ao acordo do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, do 2 de outubro de 2023, ao respecto da revisión do esbozo e elaboración da cartografía actualizada dos montes veciñais denominados Montes do Viso, Monte Puntal, Cabaleiro (parte norte) e Gándara (11 bis), da CMVMC do Viso, no concello de Redondela (Pontevedra) (expediente RE22002).

O 25.9.2023 o Servizo de Montes desta xefatura territorial emitiu o seguinte informe:

«Feitos:

Primeiro. O 2.8.2022 e con número de solicitude 2022/1994215, a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común (en diante, CMVMC) do Viso solicitou a revisión do esbozo dos montes:

- Montes do Viso\_(Id. 3089).
- Monte Puntal, Cabaleiro (parte norte) e Gándara (11 bis)\_(Id. 3091).

A dita solicitude deu lugar á apertura do expediente RE22002. Consta no expediente:

- Memoria técnica da revisión do esbozo de setembro de 2023, asinada pola enxeñeira técnica forestal núm. 1.227 do COETF de Galicia.
- Certificado do secretario coa conformidade do presidente da CMVMC do Viso, do 14.6.2023, da aprobación do esbozo na asemblea do 26.6.2022.



– Cartografía en formato dixital.

Segundo a memoria técnica, levouse a cabo un levantamento topográfico das parcelas con GPS de precisión centimétrica en que se percorreu todo o perímetro con varios membros da xunta reitora. Durante ese percorrido identificáronse muros e marcos que separan a comunidade doutras propiedades particulares; así mesmo, a CMVMC do Viso formalizou deslindamentos coa maioría das CMVMC coas que estrema (Ventosela, Arcade de Riba, Alxán de Abaixo, Alxán de Arriba e Moreiras).

A CMVMC do Viso ten os seguintes deslindamentos en tramitación, cos cales coincide esta revisión: DC22002 coa CMVMC de Alxán de Arriba, DC22009 coa CMVMC de Moreiras, DC22010 coa CMVMC de Arcade de Arriba, e DC22131 coa CMVMC de Alxán de Abaixo.

A CMVMC do Viso ten un deslindamento aprobado (expediente DESC-05/18) coa comunidade de Ventosela. Esta revisión axústase a este deslindamento.

Segundo. O obxecto da revisión son os esbozos dos seguintes montes do Viso:

– Monte con Id. 3089 clasificado o 4.12.1980 cunha superficie de 128 ha.

– Monte con Id. 3091 clasificado o 30.5.2001, cunha superficie de 7,15 ha.

Os montes A Lomba\_Id. 4025 e Torreiro da Gándara\_Id. 4461 non son obxecto desta revisión porque teñen unha planimetría máis actualizada.

Segundo os datos do Sistema rexistral forestal, a comunidade tiña un convenio, agora rescindido, co elenco núm. 3615519. Dispón dun documento de ordenación forestal inscrito no Rexistro de Montes Ordenados de Galicia co núm. 3600304 e unha superficie de 132,78 ha.

Terceiro. A revisión do esbozo proposta dos montes con Id. 3089 e 3091 ten unha superficie de 142,60 ha (fronte ás 135,15 ha clasificadas, 128 ha do monte con Id. 3089 e 7,15 ha do monte con Id. 3091), e un perímetro de 19,99 m e, segundo o indicado na memoria técnica, queda definido do seguinte xeito:

– Monte A Peneda.

Cabida: 8,51 ha.



Perímetro: 2.766 m.

Lindeiro norte: MVMC de Arcade de Riba e propiedade particular.

Lindeiro sur: camiño municipal e propiedades particulares.

Lindeiro leste: MVMC de Alxán de Abaixo.

Lindeiro oeste: camiños e propiedades particulares de José Ramón Blanco Luna, Roberto Bouzón González, Milagros Táboas Rodríguez, Rosa Lago Alján, Josefa Martínez Bouzón, Eulalia Vidal Martínez e outros.

– Monte Espiño.

Cabida: 64,20 ha.

Perímetro: 4.980 m.

Lindeiro norte: MVMC de Pedroso e Alxán de Arriba.

Lindeiro sur: MVMC de Ventosela.

Lindeiro leste: MVMC de Pedroso; de Alxán de Arriba e de Moreiras.

Lindeiro oeste: propiedades particulares.

– Monte Outeiro Grande.

Cabida: 61,58 ha.

Perímetro: 9.176 m.

Lindeiro norte: propiedades particulares de Bernardo López Rodríguez, Amalia Franco Soto, María Veiga Blanco, José López, Abel Lorenzo Sotelino, María del Carmen Martínez Conde e outros.

Lindeiro sur: propiedades particulares de José Ramón Martínez López e outros e camiño municipal.

Lindeiro leste: propiedades particulares e camiño municipal.



Lindeiro oeste: camiño municipal, Camiño de Santiago e propiedades particulares de María Esther Bouzas Vidal, Dolores Fernández Vidal e outros.

Encravados (xa descontados da superficie total): parcelas catastrais 36045A00200093 e 36045A00200094, cunha superficie total de 6.317 m<sup>2</sup>.

– Monte Cabaleiro.

Cabida: 4,41 ha.

Perímetro: 1.173 m.

Lindeiro norte: camiño, propiedades particulares de Juan Cabaleiro, José Muleiro Soto, Gloria Muñoz Iglesias e outros.

Lindeiro sur: MVMC de Cesantes.

Lindeiro leste: propiedades particulares de Emilia García Cabaleiro, Ofelia Couñago García, Arsenio Lameiro García, Rogelia Cendón Cabaleiro e outros.

Lindeiro oeste: alargamento da estrada Pontevedra-Vigo (Ministerio de Fomento) e estrada municipal a Soutoxuste.

– Monte A Gándara.

Cabida: 2,41 ha.

Perímetro: 1.070 m.

Lindeiro norte: camiño e propiedades particulares de Juan Carlos Collazo Durán, José Durán Bouzón, María Teresa Vidal Soto, Antonio Amoedo e outros.

Lindeiro sur: propiedades particulares de Celso López Martínez e outros.

Lindeiro leste: propiedades particulares de Lucía Vidal Cabaleiro, Domingo López Martínez e outros.

Lindeiro oeste: estrada municipal e propiedades particulares de Servando Barro Abella, Emilia Martínez Vidal, Antonio Barral Barral, Armando Lago Martínez e outros.



– Monte Puntal.

Cabida: 1,49 ha.

Perímetro: 827 m.

Lindeiro norte: MVMC da Xesteira, Ministerio de Fomento (ADIF) e camiño.

Lindeiro sur: ría de Vigo, Ministerio de Fomento (ADIF).

Lindeiro leste: camiño.

Lindeiro oeste: ría de Vigo.

Cuarto. O 30.11.2022, o Xurado Provincial de Clasificación de MVMC de Pontevedra acordou solicitar ao Servizo de Montes unha proposta coa revisión e elaboración da cartografía actualizada do monte veciñal clasificado a favor da CMVMC do Viso (Redondela), expediente RE22002, coa finalidade de dar cumprimento ao establecido na disposición transitoria décimo terceira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

Consideracións legais e técnicas:

Primeira. A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia (en diante, LMG), na súa disposición transitoria décimo terceira establece o procedemento de revisión de esbozos de montes veciñais en man común.

Segunda. A revisión do esbozo dos montes:

– Montes do Viso\_(Id. 3089).

– Monte Puntal, Cabaleiro (parte norte ) e Gándara (11 bis)\_ (Id. 3091).

Pertencentes á CMVMC do Viso, proposta polo Servizo de Montes, é a presentada pola comunidade e queda definida consonte os datos reflectidos no antecedente de feito terceiro, as coordenadas en UTM (ETRS 89) dos puntos medidos con GPS e a cartografía que se achega con este informe».

Vista a proposta de revisión presentada polo Servizo de Montes sobre a adaptación do esbozo dos montes veciñais Montes do Viso, Monte Puntal, Cabaleiro (parte norte) e Gán-



dara (11 bis) e de conformidade co previsto na disposición transitoria décimo terceira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, este xurado provincial, por unanimidade dos seus membros,


**ACORDA:**

Aprobar a revisión do esbozo dos montes veciñais denominados Montes do Viso, Monte Puntal, Cabaleiro (parte norte) e Gándara (11 bis) clasificados a prol da CMVMC do Viso, no concello de Redondela, segundo a proposta do Servizo de Montes e a planimetría elaborada por este.

Pontevedra, 29 de decembro de 2023

Antonio Crespo Iglesias  
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación  
de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra





**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

*ANUNCIO do 3 de outubro de 2025, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, polo que se publica o acordo de aceptación de modificación de revisión do esbozo do monte veciñal denominado Montes do Viso (ID3089), e Monte Puntal, Cabaleiro (parte norte) e Gándara (11 bis) (ID3091) da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común do Viso, no concello de Redondela (expediente RE22002).*

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra acordou na súa reunión do 23.7.2025 aceptar a modificación da revisión do esbozo e a cartografía actualizada dos montes chamados Montes do Viso (ID3089), e Monte Puntal, Cabaleiro (parte norte) e Gándara (11 bis) (ID3091) realizada polo Servizo de Montes de Pontevedra, con base nos seguintes feitos e consideracións técnicas.

Antecedentes e consideracións técnicas:

Primeiro. Con data do 2.8.2022, a CMVMC do Viso (Redondela) solicitou a revisión do esbozo dos MVMC denominados Montes do Viso (ID3089) e Monte Puntal, Cabaleiro (parte norte) e Gándara (11 bis) (ID3091). A solicitude deu lugar ao expediente RE22002 no Servizo de Montes de Pontevedra.

Segundo. O 25.9.2023, o Servizo de Montes realiza proposta da revisión de esbozo segundo a solicitude presentada pola comunidade.

Terceiro. Publícase no DOG núm. 22, do 31.1.2024, o Anuncio do 29 de decembro de 2023 do acordo de aceptación desta revisión de esbozo.

Cuarto. Con posterioridade a esta publicación comprobouse que o Monte Puntal (ID3091) desta revisión de esbozo solapa nunha pequena superficie (148,17 m<sup>2</sup>) co deslinde realizado pola Administración do Monte Puntal e Mesacha pertencente á CMVMC de Xesteira (DOG núm. 8, do 13.1.2009).

Quinto. O Servizo de Montes propón unha modificación da revisión de esbozo parcial dos Montes do Viso (DOG núm. 22, do 31.1.2024), que elimina do Monte Puntal da



CMVMC do Viso a superficie que solapa co deslindamento do Monte Puntal da CMVMC de Xesteira, é dicir, os 148,17 m<sup>2</sup>, e que anula a revisión do Monte Puntal da CMVMC do Viso o punto 1 de coordenadas (x: 531.913,469; y: 4.686.450,677).

A revisión deste esbozo modifícase da seguinte maneira:

- A superficie total dos montes con (ID3089 e 3091) de 142,60 ha na anterior revisión modifícase a 142,58 ha.
- A superficie e perímetro do Monte Puntal (ID3091), de 1,49 ha e 827 m na anterior revisión modifícase a 1,47 ha e 835 m.
- Na cartografía dixital elimínase o solape.

A descrición dos montes queda modificada nos seguintes termos:

A revisión do esbozo proposto dos montes con ID3089 e 3091 ten unha superficie de 142,58 ha (fronte ás 135,15 has clasificadas, 128 ha do monte con ID3089 e 7,15 ha do monte con ID3091) e un perímetro de 19,99 km, e queda definido do seguinte xeito:

Monte A Peneda (ID3089).

Cabida: 8,51 ha.

Perímetro: 2.766 m.

Linde norte: MVMC de Arcade de Riba e propiedade particular.

Linde sur: camiño municipal e propiedades particulares.

Linde leste: MVMC de Alxán de Abaixo.

Linde oeste: camiños e propiedades particulares de José Ramón Blanco Luna, Roberto Bouzón González, Milagros Táboas Rodríguez, Rosa Lago Alján, Josefa Martínez Bouzón, Eulalia Vidal Martínez e outros.

Monte Espiño (ID3089).

Cabida: 64,20 ha.

Perímetro: 4.980 m.

Linde norte: MVMC de Pedroso e Alxán de Arriba.

Linde sur: MVMC de Ventosela.

Linde leste: MVMC de Pedroso, de Alxán de Arriba e de Moreiras.

Linde oeste: propiedades particulares.



Monte Outeiro Grande (ID3089).

Cabida: 61,58 ha.

Perímetro: 9.176 m.

Linde norte: propiedades particulares de Bernardo López Rodríguez, Amalia Franco Soto, María Veiga Blanco, José López, Abel Lorenzo Sotelino, María del Carmen Martínez Conde e outros.

Linde sur: propiedades particulares de José Ramón Martínez López e outros e camiño municipal.

Linde leste: propiedades particulares e camiño municipal.

Linde oeste: camiño municipal, Camiño de Santiago e propiedades particulares de María Esther Bouzas Vidal, Dolores Fernández Vidal e outros.

Enclavados (xa descontados da superficie total): parcelas catastrais, 36045A00200093 e 36045A00200094, cunha superficie total de 6.317 m<sup>2</sup>.

Monte Cabaleiro (parte norte) (ID3091).

Cabida: 4,41 ha.

Perímetro: 1.173 m.

Linde norte: camiño, propiedades particulares de Juan Cabaleiro, José Muleiro Soto, Gloria Muñoz Iglesias e outros.

Linde sur: MVMC de Cesantes.

Linde leste: propiedades particulares de Emilia García Cabaleiro, Ofelia Couñago García, Arsenio Lameiro García, Rogelia Cendón Cabaleiro e outros.

Linde oeste: ensanche estrada Pontevedra-Vigo (Ministerio de Fomento) e estrada municipal a Soutoxuste.

Monte A Gándara (ID3091).

Cabida: 2,41 ha.

Perímetro: 1.070 m.

Linde norte: camiño e propiedades particulares de Juan Carlos Collazo Durán, José Durán Bouzón, María Teresa Vidal Soto, Antonio Amoedo e outros.

Linde sur: propiedades particulares de Celso López Martínez e outros.

Linde leste: propiedades particulares de Lucía Vidal Cabaleiro, Domingo López Martínez e outros.

Linde oeste: estrada municipal e propiedades particulares de Servando Barro Abella, Emilia Martínez Vidal, Antonio Barral Barral, Armando Lago Martínez e outros.



Monte Puntal (ID3091).

Cabida: 1,47 ha.

Perímetro: 835 m.

Linde norte: MVMC da Xesteira, Ministerio de Fomento (ADIF) e camiño.

Linde sur: ría de Vigo, Ministerio de Fomento (ADIF).

Linde leste: camiño.

Linde oeste: ría de Vigo.

Sexto. O procedemento de revisión de esbozos de MVMC vén regulado na disposición transitoria décimo terceira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

A vista do exposto, este xurado

**ACORDA:**

– Aceptar a modificación da revisión do esbozo parcial do montes denominados Montes do Viso (ID3089), e Monte Puntal, Cabaleiro (parte norte) e Gándara (11 bis) (ID3091), segundo a proposta e planimetría elaborada polo Servizo de Montes.

Tal e como exige o parágrafo 3 da disposición transitoria décimo terceira da LMG, a presente aceptación da revisión de esbozo será posta en coñecemento da comunidade de montes propietaria e publicada no DOG para coñecemento do resto de posibles persoas interesadas.

Pontevedra, 3 de outubro de 2025

Antonio Crespo Iglesias  
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación  
de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra

